

ANEXO V



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FAMILIA,
XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO



SERVICIO
GALEGO DE
IGUALDADE

UNIÓN
EUROPEA
Fondo Social
Europeo



PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS LIÑAS DE ACTUACIÓN E ESTÍMULO Á FORMACIÓN DE MULLERES	FM428A	AUTORIZACIÓN

Dª/D _____ DNI _____
En nome e representación da empresa _____ con
CIF _____ en calidade de _____

AUTORIZO:

O Servicio Galego de Promoción de Igualdade do Home e da Muller para que, conforme o disposto no artigo 2.4º da orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda a información á que se refire o artigo 78.4ºc) da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en relación co cumprimento das miñas obrigas tributarias estatais e coa Comunidade Autónoma de Galicia.

_____, ____ de _____ de 200__

(Sinatura do solicitante ou representante)

Asdo.: _____

Delegado/a provincial do Servicio Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller de _____

XUNTA ELECTORAL PROVINCIAL DA CORUÑA

Acordo do 23 de febreiro de 2004 polo que se fai pública a distribución de espazos gratuítos nos medios de comunicación de titularidade pública, a prol das entidades políticas concorrentes ás eleccións convocadas polo Real decreto 100/2004, do 19 de xaneiro, efectuada pola Comisión de Radio Televisión o día vintetrés do mes que corre e aprobada por esta xunta electoral provincial o día da data.

En cumprimento do previsto na norma oitava da instrucción da Xunta Electoral Central do 13 de setembro de 1999 (BOE nº 222, do 16 de setembro), dictada en desenvolvemento do artigo 66 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, sobre procedemento dos recursos contra actos dos medios de comunicación en período electoral, dispónse a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do anuncio de que por acordo desta xunta electoral

provincial do día da data foi aprobada a proposta de distribución de espazos gratuítos de propaganda electoral, nos medios de comunicación de titularidade pública, efectuada pola Comisión de Radio Televisión o día vintetrés de febreiro a prol das entidades políticas concorrentes ás eleccións convocadas polo Real decreto 100/2004, do 19 de xaneiro.

De conformidade co establecido na mencionada instrucción, as entidades políticas que se consideren afectadas poderán examinala dita proposta, así como os seus antecedentes, nas dependencias desta xunta electoral provincial, sita no edificio da audiencia provincial, primeira planta, rúa Capitán Juan Varela, s/n, desta cidade da Coruña, no prazo preclusivo do día seguinte ó da publicación do presente acordo e formular dentro do mesmo prazo os recursos que consideren pertinentes en defensa dos seus dereitos.

A Coruña, 23 de febreiro de 2004.

Cándido Curiel Fernández
Secretario da Xunta Electoral Provincial da Coruña

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIONES INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Orde do 16 de febreiro de 2004 pola que se eleva a definitiva a proposta de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia (grupo C), escala técnica auxiliar de informática.

De conformidade co disposto nas bases IV e V da convocatoria para o ingreso na escala técnica auxiliar de informática, levada a efecto pola Orde do 20 de decembro de 2002 (DOG nº 250, do 27 de decembro, corrección de erros DOG nº 9, do 15 de xaneiro e DOG nº 12, do 20 de xaneiro), e remitida pola Dirección Xeral da Función Pública a proposta de aspirantes que superaron o proceso selectivo, elevada polo correspondente tribunal, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Elevar a definitiva a proposta do tribunal dos aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso na escala técnica auxiliar de informática do corpo administrativo da Xunta de Galicia (grupo C), que se publica como anexo a esta orde.

Segundo.-Os aspirantes que constan no dito anexo deberán remitirle, no prazo de vinte días naturais contados a partir do seguinte ó da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, á Dirección Xeral da Función Pública da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública os documentos a que se refire a base V.1 e V.3 da orde da convocatoria.

Terceiro.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da súa publicación, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo os artigos 8.2º e 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 16 de febreiro de 2004.

Jaime Pita Varela
Conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais
e Administración Pública

ANEXO

Relación definitiva de aspirantes que superaron o proceso selectivo para o ingreso na escala técnica auxiliar de informática do corpo administrativo da Xunta de Galicia (grupo C)

Promoción interna

Nº	Apelidos e nome	DNI	1º exercicio	2º exercicio	3º exercicio	Concurso	Total
1	Valiente Viéitez, Baltasar	36108480K	11,60	10	25,16	4,1	50,86

Acceso libre

Nº	Apelidos e nome	DNI	1º exercicio	2º exercicio	3º exercicio	Concurso	Total
1	Rodríguez Souto, David	76862502K	14,4	18	33,26	13,5	79,16
2	Calviño López, Javier	33292074B	12,4	17	25,13	20,88	75,41
3	Guimil Carbajal, Pablo Ramón	33264346K	13,6	15	31,59	14,58	74,77
4	Campos López, Santiago	33273181R	12	16	26,07	13,5	67,57
5	Salvado Cibes, Francisco Xabier	33287431Z	10,8	15	27,94	13,32	67,06
6	Cela Montes, Francisco Javier	34260758G	11,6	14	27,94	13,5	67,04
7	Piñeiro Domínguez, José Manuel	33292159G	15,2	13	28,47	9,54	66,21
8	Pinal Moreira, Federico	33328812H	14	18	33,31	0	65,31
9	Brión Santos, Isolino	52453475C	10,8	14	26,98	12,42	64,2
10	Mojón Fuentes, Julio	44448107D	11,6	18	34,42	0	64,02
11	Suárez Lorenzo, Fernando	32654057Z	12,4	15	34,35	0	61,75
12	Iglesias Marzoa, Ramón	33291156J	13,2	18	30,24	0	61,44
13	Regueira Soengas, Marco Antonio	33328854Z	13,2	14	29,63	3,78	60,61
14	Barrera Aldemira, Ángel	32834887H	14,4	16	29,09	0	59,49
15	Rodríguez Grille, Emilio José	33294650B	13,6	18	27,09	0	58,69
16	Castro Ces, José Miguel	44807399H	11,6	18	28,62	0	58,22
17	Gómez Apesteagua, José Miguel	50808878S	12,4	13	26,44	5,76	57,6
18	Docampo Ramos, Carlos	44818888F	16,4	13	27,31	0	56,71
19	Fernández Carreiro, Albino	34994510X	13,6	15	27,74	0	56,34
20	Rodríguez Garrido, Marcelino	76863461Z	13,2	15	25,24	2,88	56,32
21	García Diéguez, Pedro	76813499P	12,4	15	28,62	0	56,02
22	Tella Dorrio, Nicolás	32649997W	12,8	10	25,97	7,2	55,97
23	Rodríguez Sánchez, Olga Pilar	32663129R	11,2	19	25,76	0	55,96